



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 25 de setembro de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 25 de setembro de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 18/09/2017, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/3635

Visto o escrito de **Mediatika Servicios Publicitarios S.L.** no que solicita permiso para a colocación de 100 banderolas nas farolas de Vilagarcía para publicitar no mes de outubro a apertura de Alcampo Supermercado.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Dende o punto de vista do tráfico, debe terse en conta que a súa colocación non debe afectar á visibilidade nos cruces, a circulación ou da sinalización e estean colocadas de xeito que non supoñan un atranco pola altura
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade cunha cobertura mínima de 300.000€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Deberá terse en conta que a instalación non impedirá o uso de mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- De conformidade co disposto na Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial de Dominio Público Local deberá aboar un taxa por importe de 132€ (100 banderolas de medidas 1,50x0,80x1,10€/m2 mes)
- Deberán depositar na Tesourería Municipal unha fianza por importe de 300,00€.



PRP2017/4224

Dáse conta do informe do auxiliar de arquivo en relación a valoración sobre as consecuencias dunha inundación producida o día 23 de agosto de 2017 nun dos depósitos do arquivo municipal, situado no soto -2 do edificio da Casa Consistorial, no que se conclúe que, en liñas xerais a inundación causou menos danos dos que en principio se supoñían. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/4225

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Mantemento, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Transportes y Construcciones Dieguez, S.L.**, para reparacións varias no Bombeo Composan, por un importe total de 2.695,88 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.210.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/4228

Visto o escrito de D. José Artiaga Barreira e/n **Fundación Artiaga**, solicitando autorización para celebrar unha actividade multidisciplinar MercArt, os días 07, 08 e 09 de decembro na praza da peixería, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o uso da praza da peixería en precario condicionada pola execución das obras de pintura que se teñen previsto realizar.

Debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

As peticións relacionadas con colaboración municipal (montaxe de mesas, cadieras palco, equipo de son e carteis publicitarios) se concederán dependendo das disponibilidades dos servizos municipais.

PRP2017/4229

Dáse conta do escrito da **AAVV San Miguel** solicitando limitar o tonelaxe ou restrinxir o paso a vehículos pesados na rúa Camiño de Abaixo en Trabanca Badiña. Visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda comunicar que non é posible acceder á solicitude xa que no entorno hai ubicadas empresas que reciben/distribúen as súas mercancías en camiós nesa zona.

PRP2017/4232

Vista a proposta da Policía Local, para repintar a reserva ubicada fronte as oficinas de correos na rúa Ramón Otero Pedrayo, a Xunta de Goberno Local acorda dar a súa conformidade á proposta e se repinte dita reserva á maior brevidade posible, xa que, non está lexible a sinalización horizontal.

Dar conta ao Servizo de Sinalización (Mario Vázquez) e á Policía Local.

PRP2017/4234

Vista a proposta do Enxeñeiro Informático, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Servicio Técnicos Integrados del Noroeste, S.L.**, para a



renovación da subscrición de dúas licenzas software de Adobe Creative Cloud For Teams para o ano 2017-2018, por un importe total de 1.595,31€ (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/4235

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda anular no horario de tarde a reserva de carga e descarga ubicada na avda. Rosalía de Castro á altura do nº50, xa que a frutería alí ubicada non a empregan nese horario e o Mercadona faíno puntualmente, polo que si algún día o necesitan pódeno prever cando menos cun día de antelación e solicitar unha reserva de espazo cun carácter puntual.

PRP2017/4236

Visto o escrito presentado por **Bata Baion Asociación para Tratamiento del Autismo** solicitando a sinalización dun paso para peóns na rúa Almirante Fontan á altura do nº11. A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda sinalizar un paso de peóns paralelo ao peche do centro da asociación na rúa Almirante Fontan 11, e se sinalice a reserva para persoas dicapacitadas nas dúas prazas do centro, cunha restrición temporal de máximo unha hora de estacionamento en liña, enfronte do inmovible nº9, o mais preto de dito centro. Dar conta ao Servizo de Sinalización (Mario Vázquez) e a Policía Local.

PRP2017/4237

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L.** para o subministro dun tobogán novo para o parque Miguel Hernández, por un importe total de 977,68€ (IVE incluído), con cargo á partida 171.62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/4238

Dáse conta do escrito presentado por **System Vilagarcía S.L.**, solicitando autorización para realización da parte práctica dos cursos de manipulador de produtos fitosanitarios no Xardín Dr. Fleming.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- De cara ó tráfico informase de xeito favorable por tratarse de zona peonil, si ben os xardíns están diante dun centro escolar, polo que dependendo das características da actividade puidera ser conveniente, de coincidir en día lectivo, que non coincida co horario escolar.
- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000,00€



- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberán respectar as zonas verdes e en ningún caso utilizar produtos fitosanitarios son xardín.

PRP2017/4239

Dáse conta do escrito do equipo directivo do Colexio A Lomba solicitando a renovación de reserva de aparcamento fronte o Colexio e emisión de tarxetas identificadoras dos vehículos autorizados. Visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a renovación da reserva e as tarxetas, nas mesmas condicións que foron outorgadas.

PRP2017/4240

Dáse conta do informe do encargado do servizo de alumeadado público en relación ó escrito presentado por **D. Ramón Balsa Serantes** solicitando a retirada duns cables na fachada do inmoble situado na rúa Sarxento Solla nº17 e que producen entrada de humidades na mesma. A Xunta de Goberno Local acorda requirir a Telefónica, S.A. a retirada dos cables do lugar citado.

PRP2017/4241

Dáse conta do informe do encargado do servizo de alumeadado público en relación ó escrito presentado por Jesús Gomez González e/n **Asociación de Veciños Aldea de Arriba** solicitando a elevación duns cables no Campo da Festa no lugar do Foxo, xa que debido ó trazado da liña e coas infraestruturas que actualmente teñen as orquestas, éstas non poden desprezar os palcos na súa totalidade para realizar as actuacións. A Xunta de Goberno Local acorda requirir a Telefónica, S.A. a elevación dos cables no lugar citado.

PRP2017/4242

Vista a solicitude de Carmelo Castro Durán e/n **ISM Vilagarcía**, de reserva de dúas prazas de aparcamento na rúa Alejandro Cerecedonº8, a Xunta de Goberno Local acorda non acceder ao solicitado xa que se van levar a cabo obras de humanización de rúas nese entorno.

PRP2017/4243

Dáse conta do escrito presentado por **D. Luis Vila López** comunicando as datas concretas para a instalación do circo Evolución e compromiso de que non haberá ningunha participación de animais no espectáculo. A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a celebración do circo os días 29, 30 de setembro e 1 de outubro na explanada TIR condicionada a obtención da autorización da Autoridade Portuaria.

Comunicarlle así mesmo que solo se permitira publicidade colgada nas farolas nos días citados. Deberán retirar a publicidade das beirarrúas.

Dar conta ó departamento de Rendas aos efectos da liquidación de taxas pola colocación da publicidade nas farolas.



PRP2017/4278

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno local acorda aprobar o orzamento presentado por **Empresa Pereira, S.L.** para o servizo de autobuses, os días 20, 21 e 22 de setembro, para os escolares dos centros Vilaxoan, Carril e Rubiáns que participarán na actividade da “Semana Europea da Mobilidade Parque Infantil de Tráfico”, por un importe total de 231,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.223.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/4279

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Talleres Santiago Iglesias, S.L.** para a reparación do vehículo guindastre (Nissan) matrícula 5171DLH, adscrito ao Servizo da Policía Local, por un importe de 895,58€ (IVE incluído), con cargo á partida 132.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/4280

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rocio Louzán Blanco, en representación de **Centro Comercial Aberto Zona Aberta**, solicitando autorización para celebrar a “Pasarela Zona Aberta 2017” na Rúa Castelao o día 29 de setembro ás 20 horas, así como a colaboración dos distintos Departamentos e Servizos Municipais para a cesión e colocación do material necesario.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta á Policía Local, Servizo Municipal de obras, Servizo de Electricidade, Mantemento do Auditorio Municipal.

PRP2017/4282

Visto o acordo de Xunta de Goberno Local de 29 de agosto de 2016 no que se comunicaba as empresas **Proelite S.I.** e **Sevicios Urbanos Costa Atlántica S.L.** a finalización dos convenios para a colocación de postes publicitarios pasando os devanditos postes orientativos a ser de propiedade municipal, concedéndoselle así mesmo un prazo de alegacións de dez días. Visto



o exposto a Xunta de Goberno Local acorda requirir as citadas empresas a retirada dos postes antes do 1 de decembro de 2017, en caso contrario serán retirados polo Concello, a partir desa data con cargo as empresas citadas

Acórdase así mesmo notificar os interesados e de non ser posible, procederase a publicación deste acordo no B.O.E. (art. 44 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

ASUNTOS DE RECURSOS HUMANOS

PRP2017/4244

Vista a proposta do Director da Escola de Música, en relación coa necesidade de dispoñer dun profesor de Iniciación de Música e Movemento para o curso académico 2017/2018. A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o nomeamento dun profesor de Iniciación de Música e Movemento como funcionario/a interino/a por un total de 9 horas /semanais para o programa temporal do curso 2017/2018 dende o 25 de setembro ata o 31 de xullo de 2018.

PRP2017/4250

Dáse conta da publicación no BOP de 14 de setembro de 2017 do calendario laboral para o ano 2018 na Comunidade Autónoma de Galicia, así como das festas laborais de carácter local dos Concellos da provincia de Pontevedra.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/4251

Vista a proposta do Responsable do Servizo De Medio Ambiente a Xunta de Goberno Local acorda a prórroga do nomeamento como funcionarios interinos de dous operarios xardineiros por acumulación de tarefas no Servizo de Medio Ambiente, ata o 30 de novembro de 2017, dado que a prórroga non excede do máximo tempo legalmente previsto no artigo 10 c) do TREBEP para este tipo de nomeamentos de persoal (seis meses).

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2017/4261

A Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do convenio para a concesión dunha subvención a **Fundación Amigos de Galicia**, por importe de 2.500,00 € para o desenvolvemento de actividades e actuacións dirixidas a paliar situacións de emerxencia e risco exclusión social de atención urxente e inmediata no ámbito da alimentación e hixiene durante o ano 2017, con cargo á partida orzamentaria 231.48002.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2017/4262

Vista a proposta da Concellería de Educación, en relación coas axudas solicitadas polas ANPAS dentro do Plan Madruga, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a xustificación do gasto e o recoñecemento de obriga a favor das seguintes entidades e polos importes que se indican, con cargo á partida 320.48003, para o período xaneiro-xuño, previa xustificación do gasto realizado:

ANPA AREALONGA	507,00 €
----------------	----------



ANPA VAGALUME	507,00 €
ANPA A ESCARDIA	507,00 €
ANPA DR. FLEMING	507,00 €
ANPA A LOMBA	507,00 €
ANPA DE RUBIANS	507,00 €
ANPA O PIÑEIRIÑO	507,00 €
ANPA ROSALÍA DE CASTRO	507,00 €
TOTAL	4.056,00 €

PRP2017/4297

Dáse conta do escrito presentado pola Directora da Biblioteca informando do comezo no mes de outubro do Club de Lectura “Marcapasos” no Auditorio Municipal.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2017/4302

Vista a proposta da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dona Elisa Estévez Rodríguez** (Academia Elisa), para a realización dun curso de caixaira-repoñedora dirixido a mulleres usuarias do Servizo de Igualdade, por un importe total de 480,00 €, con cargo á partida 2312.22615.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/4272

Dáse conta da proposta da Concellería de Urbanismo de adjudicación do contrato denominado “Mantemento e Mellora no Centro Cultural dos Borrizos-Cornazo” , cun orzamento de 33.670,54€ (IVE engadido), con invitación ás seguintes empresas:

Licitador	Oferta (sen IVE)	IVE 21%	Oferta (IVE engadido)
Endenor, Mantenimiento y Servicios, S.L.	23.539,81€	4.943,36€	28.483,17€
Constructora Ediserpo, S.L.	24.626,00€	5.171,46€	29.797,46€
Rym Torrado, S.C.	27.000,00€	5.670,00€	32.670,00€

Visto o que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local acorda a adopción do seguinte acordo:

Adjudicar o contrato á empresa Endenor, Mantenimiento y Servicios, S.L. (B36563823), por importe (IVE excluído) de 23.539,81€, ao que lle corresponde un IVE 21% de 4.943,36€ o que totaliza un prezo de adjudicación (IVE engadido) de 28.483,17€, de acordo coa súa oferta sendo o único criterio de adjudicación o prezo.



PRP2017/4273

Dáse conta da proposta da Concellería de Urbanismo de adxudicación do contrato denominado “Obras de mantemento e mellora no Centro Cultural de Sobradelo” , cun orzamento de 15.263,15€ (IVE engadido) Proxecto (2) N° 01/16/2016, con invitación ás seguintes empresas:

Licitador	Oferta (sen IVE)	IVE 21%	Oferta (IVE engadido)
Endenor, Mantenimiento y Servicios, S.L.	11.438,72€	2.402,13€	13.840,85€
Constructora Ediserpo, S.L.	11.693,00€	2.455,53€	14.148,53€
Rym Torrado, S.C.	12.300,00€	2.583,00€	14.883,00€

Visto o que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local acorda a adopción do seguinte acordo:

Adxudicar o contrato á empresa Endenor, Mantenimiento y Servicios, S.L. (B36563823), por importe (IVE excluído) de 11.438,72€, ao que lle corresponde un IVE 21% de 2.402,13€ o que totaliza un prezo de adxudicación (IVE engadido) de 13.840,85€, de acordo coa súa oferta sendo o único criterio de adxudicación o prezo.

PRP2017/4274

Dáse conta de resolución da Deputación Provincial de Pontevedra – Servizo de Cooperación pola que autoriza ao Concello de Vilagarcía de Arousa a aplicar a baixa xerada no investimento “Campo de fútbol de Faxilde”, por importe de 36.398,35 € no financiamento do investimento “Acondicionamento e Mellora dos Aseos no C.F. de Vilaxoan”.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/4275

Dáse conta da resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria de concesión de subvención para a habilitación e mellora de infraestruturas do Parque Empresarial do Pousadoiro, cun investimento subvencionable de 55.591,03€ e unha subvención concedida de 44.472,82€.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/4277

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o Proxecto (2) nº 06/22/2016 denominado “MELLORAS E REPARACIONES VARIAS EN C.C. DE RUBIANS”, redactado polo arquitecto técnico Jose M. Millán Armas, cun orzamento de licitación de 101.822,53€.

PRP2017/4303

Dáse conta do acordo de Xunta de Goberno Local de 8 de maio de 2017 así como do informe sobre a reparación de zonas axardinadas de Praza de España. Urbanización e remodelación do entorno Praza de España 1ª Fase, do Arquitecto Director das obras D. Iago Fernández Puentes. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar a empresa **Stradia Infraestructuras S.L.** adxudicataria no seu día de ditas obras que procederase polo Concello ou empresa externa a executar os traballos de mantemento das zonas axardinadas da Praza de España por importe de 10.607,43€, con cargo a fianza depositada. Concedendo así mesmo un prazo de audiencia de 15 días para que se formulen as alegacións que estimen oportunas.



Concello de
Vilagarcía de Arousa

Praza Ravela, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 099 200 · F 986 501 109
CIF: P/3606000 B

Dar conta ao departamento de Tesourería.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:20 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.